

## **BASES PARA A SELECCIÓN DOS TRABALLADORES PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DE EMPREGO " RÍO NEIRA "- CONCELLO DE LÁNCARA.**

### **Primeira.- Obxecto.**

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 10 e 11 da Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de obradoiros de emprego o establecemento do sistema, procedemento e baremos que se aplicarán na selección dos desempregados como alumnos-traballadores participantes no obradoiro de emprego "**Río Neira**", promovido polo **Concello de Láncara** e subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

### **Segunda.- Relación xurídica dos traballadores participantes coa entidade promotora do obradoiro de emprego.**

Durante a duración do obradoiro de emprego os alumnos-traballadores participantes estarán vinculados á entidade promotora mediante a modalidade de contrato para a formación e o aprendizaxe. Os contratos de traballo terán carácter temporal, cunha duración de seis meses e a xornada **completa**.

### **Terceira.- Requisitos dos aspirantes.**

Os participantes no proceso selectivo, deberán reunir os seguintes requisitos:

#### a) Requisitos xerais.

1º).- Estar desempregadas, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego e empadroado nos **Concellos de Láncara, Baralla, AS Nogais ou Triacastela** con anterioridade a data de firma destas bases.

2º) Ter dezoito ou máis anos de idade.

3º) Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 da orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

5º) Cando a formación a impartir no proxecto vaya dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumplir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados.

#### b) Requisitos específicos:

1º- Nivel profesional: ata oficial de 2<sup>a</sup> inclusive.

2º.- Idade: maiores de 18 anos.

#### **Cuarta.- Procedemento de selección.**

O procedemento de selección consistirá na tramitación previa de oferta de actividade á oficina de emprego e a aplicación dun baremo de selección que se incorpora como anexo destas bases.

#### **Quinta.- Oferta de actividade.**

Unha vez constituído o grupo de traballo mixto, e aprobados os criterios de selección dos alumnos-traballadores que van participar no obradoiro de emprego, tramitarase a oferta á oficina de emprego de **Sarria**, establecéndose como parámetros da sondaxe os seguintes:

a) Ámbito xeográfico: **Concello de Láncara.**

b) Códigos: **5 PRAZAS Operador de formigón EOCH0108. Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (Albaneis, enfoscadores e asimilados e peóns da construcción).**

##### **NIVEL 1**

c) Nivel profesional: ata oficial de 2<sup>a</sup> inclusive

d) Idade: de 18 a 64 anos.

e) Nº de candidatos a remitir: Na medida do posible 3 por posto.

f) Serán causas de exclusión non cumplir algún dos requisitos establecidos nas bases.

g) Requisitos de formación : Cumprilos requisitos para poder celebrar un contrato para a formación durante toda a duración do proxecto. Posuér a formación mínima en materia de competencias clave para poder cursar con aproveitamento os diferentes módulos formativos das respectivas especialidades, obligatorio para poder acadar o correspondente certificado de profesionalidade.

a) Ámbito xeográfico: **Concello de Triacastela.**

b) Códigos: **5 PRAZAS Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización EOCB0209. Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (Albaneis, enfoscadores e asimilados e peóns da construcción). NIVEL 1**

c) Nivel profesional: ata oficial de 2<sup>a</sup> inclusive

d) Idade: de 18 a 64 anos.

e) Nº de candidatos a remitir: Na medida do posible 3 por posto.

f) Serán causas de exclusión non cumplir algún dos requisitos establecidos nas bases.

g) Requisitos de formación : Cumprilos requisitos para poder celebrar un contrato para a formación durante toda a duración do proxecto. Posuér a formación mínima en materia de competencias clave para poder cursar con aproveitamento os diferentes módulos formativos das respectivas especialidades, obligatorio para poder acadar o correspondente certificado de profesionalidade.

E á oficina de emprego de **Becerreá**, os seguintes:

a) Ámbito xeográfico: **Concello de Baralla.**

b) Códigos: **5 PRAZAS Operador de formigón EOCH0108. Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (Albaneis, enfoscadores e asimilados e peóns da construcción).**

**NIVEL 1**

c) Nivel profesional: ata oficial de 2<sup>a</sup> inclusive

d) Idade: de 18 a 64 anos.

e) Nº de candidatos a remitir: Na medida do posible 3 por posto.

f) Serán causas de exclusión non cumplir algún dos requisitos establecidos nas bases.

g) Requisitos de formación : Cumprilos requisitos para poder celebrar un contrato para a formación durante toda a duración do proxecto. Posuér a formación mínima en materia de competencias clave para poder cursar con aproveitamento os diferentes módulos formativos das respectivas especialidades, obligatorio para poder acadar o correspondente certificado de profesionalidade.

a) Ámbito xeográfico: **Concello de As Nogais.**

b) Códigos: **5 PRAZAS Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización EOCB0209. Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (Albaneis, enfoscadores e asimilados e peóns da construcción). NIVEL 1**

c) Nivel profesional: ata oficial de 2<sup>a</sup> inclusive

d) Idade: de 18 a 64 anos.

e) Nº de candidatos a remitir: Na medida do posible 3 por posto.

f) Serán causas de exclusión non cumplir algún dos requisitos establecidos nas bases.

g) Requisitos de formación : Cumprilos requisitos para poder celebrar un contrato para a formación durante toda a duración do proxecto. Posuér a formación mínima en materia de competencias clave para poder cursar con aproveitamento os diferentes módulos formativos das respectivas especialidades, obligatorio para poder acadar o correspondente certificado de profesionalidade.

**Sexta.- Baremo .**

O grupo de traballo mixto, segundo o acordado aplicará o baremo establecido no Anexo I, por medio do que serán avaliados as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos a remitir pola oficina de emprego cunha puntuación máxima de 29 puntos e unha entrevista co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo que serán valoradas cun total de 9 puntos.

A entrevista terá lugar :

- **O 13 de xullo de 2015 ás 10,00 horas na Casa do Concello de Láncara, Para o módulo de Láncara .**
- **O 13 de xullo de 2015 ás 11,00 horas na Casa do Concello de Láncara, Para o módulo de Triacastela .**
- **O 13 de xullo de 2015 ás 12,00 horas na Casa do Concello de Láncara, Para o módulo de As Nogais.**
- **O 13 de xullo de 2015 ás 13,00 horas na Casa do Concello de Láncara, Para o módulo de Baralla .**

## **Sétima.- Criterios de preferencia.**

Os criterios de preferencia na selección serán:

- a) Terán preferencia para participar nestes proxectos as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia, así como aquelas que, tendo previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como: as persoas mozas menores de trinta anos, as mulleres en xeral, as mulleres vítimas de violencia, o persoal traballador que esgotou as prestacións e subsidios por desemprego, as persoas paradas de longa duración, as persoas maiores de corenta e cinco anos, as persoas que carecen de títulos universitarios e de F.P. de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3, para os que se require unha maior formación, xa que estes programas van dirixidos as persoas que, con carácter xeral, carecen dunha cualificación profesional, as persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos e as persoas pertencentes a outros colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.
- b) As beneficiarias do programa de fomento da inserción laboral das mulleres víctimas de violencia incorporaranse directamente con prioridade absoluta o proxecto, sempre e cando cumpran os requisitos xerais das presentes bases.

## **Oitava.- Puntuación final.**

Baremados os méritos e a entrevista, será elaborada a relación dos admitidos e excluídos para participar no obradoiro de emprego, como alumnos-traballadores, indicando a puntuación total e as especialidades formativas ás que son adscritos. Esta relación deberá ser exposta nos taboleiros da entidade promotora.

No suposto de empate nas puntuacións de dous o máis candidatos, terá preferencia aquel que teña máis antigüidade como desempregado a contar dende o último emprego segundo a vida laboral, e en caso de empate o de maior idade.


## **Novena.- Lista de reserva.**

O grupo de traballo mixto, coa finalidade de suprir as posibles baixas dos seleccionados como alumnos-traballadores, antes de iniciada a actividade do obradoiro, poderá elaborar unha lista de reserva que estará integrada polos candidatos que, non sendo seleccionados, obtiveran as maiores puntuacións.

Esta lista de reserva terá vixencia ata o inicio do proxecto formativo.

## **Décima.- Admisión.**

Os seleccionados polo grupo de traballo mixto serán admitidos pola entidade promotora, para participar no obradoiro de emprego na condición de alumno traballador sempre e cando cumpran os requisitos destas bases, para o que deberán pasar recoñecemento médico e ser declarados aptos para o desempeño dos traballos a realizar no obradoiro de emprego.



Os alumnos traballadores seleccionados deberán de manter o cumprimento dos requisitos de selección na data de incorporación ao proxecto.

#### **Décimo primeira.- Incidencias e reclamacións.**

De conformidade co establecido no artigo 14 da Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público.

As incidencias e reclamacións que se susciten no proceso de selección seguido, presentaranse ante o grupo de traballo no prazo de 3 días naturais a contar dende o seguinte o da exposición das listas de admitidos e reservas e serán resoltas polo Grupo de traballo mixto sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.



Dario A. Piñeiro Lopez

Lugo, 22 de xuño de 2016



Jesus Manuel Nuñez Diaz,



Luis López López



Francisco Quinzá-Torroja García